



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 24 DE XULLO DE 2008,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Decreto polo se crea o Observatorio Galego da Infancia
- Decreto polo que se crean os centros de día de alzheimer de Ribeira, Lugo, Celeiro (Viveiro), Moaña e Vigo, integrados na Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas
- Decreto polo que se crea a vivenda tutelada *Mentor* para mozos e mozas tuteladas ou en garda

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Hixienistas Dentais de Galicia

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Felipa Jove Santos como presidenta do Consello Social da Universidade da Coruña
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Antonio Abril Abadín como presidente do Consello Social da Universidade da Coruña

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Decreto polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e nas Relacións Laborais e a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais



## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que a Xunta de Galicia lle formula ao Goberno central requirimento de incompetencia, ao abeiro do artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro do Tribunal Constitucional, contra a Resolución do 20 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Turismo, pola que se convocan axudas para impulsar os procesos de planificación estratéxica, xestión e promoción de destinos turísticos (soportes de promoción de destinos), correspondentes ao exercicio 2008
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Ribadavia para levar a cabo o acondicionamento dun espazo situado na planta semisoto do edificio da casa da cultura para destinalo a local de ensaio, así como o seu equipamento

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproban os textos definitivos do convenio de cooperación territorial entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, así como dos estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), conducentes á súa constitución
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre as consellerías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de trece millóns noventa e seis mil cento noventa euros con sesenta e tres céntimos correspondente á obra de reparación da ponte da Illa de Arousa, sobre a ría de Arousa na estrada PO-307
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Universidade da Coruña para a realización de actividades de apoio á formación e divulgación nos ámbitos do urbanismo e a ordenación do territorio

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianual previstos no proxecto de orde polo que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e



pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso escolar 2008/2009

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada* sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeiro* sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Xunta de Galicia a participar na constitución do Consorcio de Turismo da Costa da Morte e se designa representante para formar parte del
- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria para a execución do proxecto de mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís, en Cerceda
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria para a execución do proxecto de mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís, en Cerceda
- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria para a execución do proxecto da estrada do polígono industrial do Acevedo á estrada Cerceda-O Mesón do Vento por Coveláns, en Cerceda
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración específico entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras e a Consellería de Innovación e Industria para a execución do proxecto da estrada do polígono industrial do Acevedo á estrada Cerceda-O Mesón do Vento por Coveláns, en Cerceda
- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, en relación coas axudas convocadas nos anexos I, II, III, IV, V, VI, VII, VIII e IX da orde da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime



de concorrencia competitiva, das axudas correspondentes a diversas accións de formación de investigadores, do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2006-2010 (Incite) para o ano 2008, e se procede á súa convocatoria

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do medio Rural e a *Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia* para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Círculo das Artes de Lugo para a restauración do Cubo XXXVIII, incluída a escaleira interior, reforma da fachada sur do Círculo das Artes, galería histórica e demolición das plataformas da zona intermedia na muralla romana de Lugo

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Vilar de Santos para a execución da obra: outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Construción de bombeo e depósito regular para abastecemento en Vilar de Santos, clave OH.232.624, por importe de cincocentos cincuenta e dous mil euros



- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Petín para a execución da obra: actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Saneamento e depuración de auga na Portela. Petín, clave OH.532.626, por importe de catrocentos oitenta e tres mil setecentos setenta e cinco euros
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello do Saviñao, para a execución da obra: convenio MAPA. Saneamento na avenida Bos Aires 2ª fase. Concello do Saviñao, clave OH.327.434, por importe de cento setenta e cinco mil euros

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadumia para a obra: primeira fase de rehabilitación da praza pública de Barrantes



## **A XUNTA CREA O OBSERVATORIO GALEGO DA INFANCIA, ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN, INVESTIGACIÓN, ASESORAMENTO, ANÁLISE, ESTUDO E PROPOSTA EN POLÍTICAS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á ADOLESCENCIA**

- ***No observatorio haberá representantes da Delegación do Goberno, da Federación Galega de Municipios e Provincias, de colexios e asociacións profesionais, das ONG, universidades, asociacións de nais e pais, a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Sociedade de Pediatría de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea o Observatorio Galego da Infancia, órgano colexiado de participación, investigación, asesoramento, análise, estudo e proposta en políticas de atención á infancia e adolescencia. O observatorio ten como obxectivo contribuír ao fomento e ao respecto dos dereitos recoñecidos aos nenos e ás nenas e velar para que o exercicio dos ditos dereitos estea garantido.

### **Funcións do observatorio**

Este Observatorio Galego da Infancia terá como funcións realizar o seguimento e avaliación das políticas sociais que afectan a infancia en Galicia, caracterizar os problemas da infancia en Galicia e procurar as posibles solucións, así como promover as actuacións necesarias para sensibilizar a toda a cidadanía no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia en Galicia e no mundo. Este observatorio participará ademais no deseño, execución e avaliación dos plans e proxectos de infancia, asesorará organismos e institucións públicas e privadas en materia de dereitos da infancia e realizará estudos e informes técnicos de diagnose da situación da infancia en Galicia e no mundo.

Entre as súas funcións, tamén estará a recolla, análise e divulgación da información sobre a infancia e a adolescencia xerada en Galicia, noutras comunidades e países. Tamén servirá de canle para a actuación coordinada coa infancia entre os distintos departamentos das administracións e os profesionais que actúen no ámbito da infancia e da adolescencia. Outro cometido do observatorio será participar e manter relacións con outros observatorios españois e internacionais.

### **Organigrama**

O Observatorio Galego da Infancia estará integrado polo presidente, vicepresidente e os vogais. O presidente será o titular do departamento de servizos sociais e o vicepresidente será o titular do departamento competente en materia de benestar.

Como vogais estarán representantes da Xunta de Galicia, un representante da Delegación do Goberno en Galicia, dous da Federación Galega de Municipios e Provincias, de colexios e asociacións profesionais, de organizacións non gobernamentais de infancia, das universidades, das asociacións de nais e pais do alumnado, un representante da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o presidente da *Sociedade de Pediatría de Galicia* e o presidente da *Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro*.



### **Órganos de funcionamento**

O Observatorio Galego da Infancia funcionará en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo. O pleno é o órgano superior, integrado por todas as persoas que forman parte do observatorio, e reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocado pola súa presidencia, pola súa iniciativa ou por proposta dun terzo dos seus membros.

A comisión permanente é o órgano encargado de executar os acordos do pleno e reunirse dúas veces ao ano. O pleno e a comisión permanente poderán acordar a constitución, con carácter permanente ou temporal, dos grupos de traballo para analizar aspectos concretos relacionados coa infancia.



## **A XUNTA PON EN MARCHA OS CENTROS DE DÍA DE ALZHEIMER DE RIBEIRA, LUGO, CELEIRO, MOAÑA E VIGO**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crean os novos equipamentos, integrados na Rede Galega de Centros de Día de atención social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas***
- ***En total, estes centros terán capacidade para 200 usuarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crean os centros de día de alzheimer de Ribeira, Lugo, Celeiro–Viveiro, Moaña e Vigo, integrados na Rede Galega de Centros de Día de atención social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Estes centros están orientados non só a facilitar os coidados de carácter especializado para os enfermos, senón tamén, en gran medida, funcionarán como centros de apoio aos familiares e coidadores, atendendo ao tratamento das repercusións de índole psicolóxica, social e económica que este tipo de enfermidades provocan nas familias dos enfermos.

Estes cinco novos centros formarán parte da Rede Galega de Centros de Día de atención social para persoas con alzheimer, unha rede que supón un dos eixes estratéxicos do sistema galego de benestar que está implementando a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta. A través deste servizo trátase de mellorar a calidade de vida das persoas que padecen alzheimer ou outras enfermidades neurodexenerativas e dos seus familiares, ao tempo que se traballa en estratexias para previr e para diminuír os efectos destas enfermidades.

O Centro de Día de Alzheimer de Ribeira, que terá capacidade para 40 usuarios, situarase na avenida do Malecón; o centro de día de Lugo situarase na rúa Juana la Loca e disporá de 40 prazas; o centro de Celeiro–Viveiro localízase na Casa do Mar de Celeiro, onde se poderán atender ata 30 persoas; en Moaña o novo equipamento estará situado na parcela 11 do Polígono Rosal Sur e terá capacidade para 50 persoas; e o Centro de Día de Alzheimer de Vigo, con capacidade para atender a 40 usuarios, funcionará na Casa do Mar, na avenida Beiramar.

Ademais de funcionar como centros de día de alzheimer, estúdase a posibilidade de que algúns destes centros presten outros servizos como o comedor sobre rodas ou o servizo de lavandaría a domicilio.





## **O GOBERNO GALEGO PON EN MARCHA UNHA VIVENDA TUTELADA NO MARCO DO PROGRAMA *MENTOR***

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea esta nova vivenda, na cal os menores tutelados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar aprenden a emanciparse antes de cumprir a maioría de idade***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que crea unha vivenda tutelada no marco do Programa *Mentor*, na cal convivirán menores tutelados pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que están próximos a cumprir a maioría de idade. O obxectivo é facilitarlle a estes menores o tránsito á vida independente a través das vivendas tuteladas, onde se trata de proporcionarlles información, formación e acompañamento á inserción sociolaboral co fin de que poidan acadar unha inserción social e laboral plena.

Co decreto de creación das vivendas tuteladas do Programa *Mentor* apóstase por desenvolver a capacidade de emprego dos menores, facilitando o seu acceso a cursos de formación ocupacional adaptados ás súas aptitudes, elaborar un itinerario de inserción que recolla o asesoramento ao longo do seu proceso de inserción laboral e traballar os elementos necesarios para a independencia dos mozos e das mozas, especialmente daqueles que teñen dificultades para a súa reintegración familiar.

A Xunta é consciente, no uso das súas competencias, das necesidades que teñen os mozos e as mozas en situación de tutela ou garda que están próximos a cumprir a maioría de idade. A nova vivenda tutelada que funcionará terá capacidade para acoller ata seis mozos e mozas con idades próximas á súa emancipación da tutelada da Xunta de Galicia. O espazo dispón de todos os servizos precisos para facilitarlles aos seus usuarios a vida independente, sempre baixo a supervisión de persoal da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS AGRUPACIÓNS DAS SECRETARÍAS DE XULGADOS DE PAZ**

- ***A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende con esta medida profesionalizar e modernizar as oficinas dos xulgados de paz***
- ***A constitución de agrupacións de secretarías non suporá alteración da circunscrición territorial nin da sede dos xulgados de paz comprendidos na agrupación de secretarías***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan as agrupacións das secretarías de xulgados de paz. Con esta norma, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende profesionalizar e modernizar as oficinas destes xulgados.

Segundo o texto, a constitución de agrupacións de secretarías non suporá alteración da circunscrición territorial nin da sede dos xulgados de paz comprendidos na agrupación de secretarías, que as conservarán no termo municipal respectivo. As secretarías das agrupacións serán itinerantes e os seus titulares desempeñaranas en todas e cada unha das sedes dos xulgados de paz comprendidos na agrupación.

A creación, modificación e supresión das agrupacións de secretarías de xulgados de paz correspóndelle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ben de oficio, ben a través de petición razoada da todos os concellos afectados, plasmada nos acordos dos plenos respectivos, e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), dos consellos galegos de avogados e procuradores e das organizacións sindicais con representación no ámbito do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

### **Condicións para a agrupación**

En todo caso, o texto normativo di que para a creación ou modificación das agrupacións de secretarías de xulgados de paz será preciso que se cumpran dúas condicións: que a agrupación proposta comprenda no seu territorio unha poboación superior a 7.000 habitantes -ou a carga de traballos xustifique a creación dun centro de destino de persoal ao servizo da Administración- e que os municipios agrupados pertencen ao mesmo partido xudicial. Ademais, os concellos tamén poderán solicitar a súa incorporación a unha agrupación de secretarías de xulgados de paz xa constituída.

Tamén lle corresponde á consellería competente en materia de xustiza, oídas as organizacións sindicais e tras o informe dos concellos afectados, do CXPX e dos consellos galegos de avogados e procuradores, determinar a localidade sede do centro de destino do persoal de xustiza. Para tal fin teranse en conta como criterios a existencia de instalacións axeitadas, a poboación residente no municipio, a súa situación xeográfica e a facilidade das comunicacións cara ás outras sedes de xulgados de paz comprendidas na agrupación.



O cadro de persoal funcionario das agrupacións de secretarías de xulgado de paz estará integrado por persoal dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, nos termos que estableza a relación de postos de traballo que será obxecto de negociación sindical e sometida a informe previo do CXPX. Os postos de traballo de secretario de agrupación de secretarías de xulgado de paz proverase con funcionarios do corpo ou da escala a extinguir de xestores procesuais e administrativos, a través concurso específico de méritos.

As delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con audiencia dos concellos integrados na agrupación, elaborarán un plan semestral de actividades e desprazamentos para realizar as funcións das agrupacións das secretarías de xulgados de paz, que será autorizado pola Dirección Xeral de Xustiza.

### **Funcións**

O texto tamén recolle que o secretario do xulgado de paz ou da agrupación de secretarías de xulgado de paz exercerá na nomeada oficina as funcións de organización, xestión, inspección e dirección de persoal, asegurando a colaboración cos órganos de goberno do poder xudicial e dos tribunais e xulgados.

Do mesmo xeito, os secretarios dos xulgados de paz ou das agrupacións contribuirán coa Xunta de Galicia para a efectividade das súas competencias en materia de medios persoais e materiais cumprindo coas instrucións que reciban da Dirección Xeral de Xustiza ou delegación provincial competente. Tamén colaborarán cos concellos para a efectividade das competencias previstas na Lei de demarcación e de planta xudicial.

A inspección das oficinas ou das agrupacións de secretarías de xulgados de paz efectuarase conforme o previsto na Lei orgánica do poder xudicial, na Lei do rexistro civil e demais normativa aplicable, sen prexuízo das competencias de inspección da Xunta de Galicia no ámbito establecido no punto anterior.

No referido ao persoal das agrupacións, o texto establece que mentres os concellos ou a consellería competente en materia de xustiza non revoguen a aprobación das designacións de persoal idóneo para o desenvolvemento das secretarías de xulgados de paz -conforme á Lei de demarcación e planta xudicial-, o persoal das agrupacións de secretarías deberá colaborar nas funcións propias destas.

Para garantir esta contribución en dignas condicións de emprego, a Xunta de Galicia, mediante convenios de colaboración, fomentará a contratación deste persoal por parte das administracións locais competentes cando o desempeño destas funcións veña sendo realizado, sen relación laboral coas administracións públicas, por un particular durante máis de cinco anos.

Con respecto ás funcións de Rexistro Civil, o decreto estipula que os secretarios dos concellos integrados nunha agrupación de secretarías de xulgado de paz continuarán asistindo os xuíces de paz nestas competencias, tal e como se prevé na disposición



transitoria terceira do real decreto que regula as agrupacións de secretarías de xulgados de paz.

Por último, o texto establece a constitución das agrupacións de forma gradual en función das posibilidades organizativas e orzamentarias da Xunta de Galicia, e acomodándose, ao mesmo tempo, ao proceso de implantación da relación de postos de traballo da Administración de xustiza en Galicia.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE HIXIENISTAS DENTAIS DE GALICIA

- *O colexio ten como obxectivos velar polos intereses xerais da profesión e incrementar a calidade nas prestacións profesionais dos colexiados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia. Este colexio ten como fins velar polos intereses xerais da profesión, incrementar a calidade nas prestacións profesionais dos colexiados, promovendo a súa formación e perfeccionamento, cooperar coa mellora dos estudos para obter títulos habilitantes para exercer e colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas funcións e segundo a lexislación vixente.

Tamén amparará e defenderá os dereitos e o prestixio profesional e social dos colexiados, perfeccionará os aspectos técnicos e científicos da profesión, fomentará actos culturais e científicos, colaborará cos organismos correspondentes para establecer as condicións do exercicio profesional e promoverá mecanismos ou institucións de protección social dos colexiados, xubilados, enfermos, inválidos, viúvos e orfos dos colexiados, entre outros.

Para o cumprimento destes fins, o colexio exercerá unha serie de funcións entre as que se atopan asumir a representación e defensa da profesión e a representación legal dos colexiados, ordenar no seu ámbito competencial o exercicio profesional, administrar a economía colexial ou organizar actividades de perfeccionamento e actualización da actividade profesional dos colexiados. Así mesmo, tamén son funcións do colexio adoptar as medidas conducentes a evitar o intrusismo profesional e a competencia desleal, participar en órganos consultivos da Administración galega e emitir informes técnicos e profesionais que lle sexan solicitados por entidades públicas ou privadas, incluso sobre os proxectos de normas que elabore a Comunidade Autónoma e que afecten o colectivo.

### **Colexiación**

Segundo o texto, teñen dereito a incorporarse ao colexio as persoas maiores de idade que sexan posuidores dun título de hixienista dental ou que teñan a habilitación profesional correspondente. Ademais, outros requisitos son non incorrer en causa de incapacidade legal para o exercicio da profesión, satisfacer as cotas de ingresos e cumprir os trámites documentais precisos.

Os estatutos dispoñen que a incorporación ao colexio é requisito obrigatorio para exercer a profesión de hixienista dental no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cando o domicilio profesional único ou principal radique nela. Os profesionais colexiados nouro ámbito territorial –por ter alí o domicilio– poderán exercer en Galicia tras comunicarllo ao Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia.

Ademais, quedan excluídos da incorporación obrigatoria ao colexio os profesionais titulados vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter



administrativo ou laboral para o exercicio de funcións administrativas e para a realización de actividades profesionais por conta da Administración.

Perderase a condición de colexiado por defunción, incapacidade legal, separación ou expulsión como consecuencia do cumprimento de sanción disciplinaria, por baixa voluntaria ou por baixa forzosa a raíz de incumprimento das obrigas económicas durante doce meses alternos ou consecutivos.

### **Dereitos e deberes**

O decreto recolle o catálogo de dereitos e deberes dos colexiados, así como os seus órganos de goberno e representación colexial, que quedan constituídos pola asemblea xeral, a xunta de goberno e o presidente.



## **ANTONIO ABRIL, NOMEADO PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

- ***Abril é conselleiro-secretario xeral do Consello de Administración e director de Cumprimento Normativo de Inditex***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se nomea a Antonio Abril Abadín como novo presidente do Consello Social da Universidade da Coruña, en substitución de Felipa Jove Santos, cuxo cesamento foi tamén aprobado hoxe.

Antonio Abril, natural de Viveiro, é conselleiro-secretario xeral do Consello de Administración e director de Cumprimento Normativo de Inditex S.A e das diversas empresas que constitúen o Grupo INDITEX, e tamén é avogado en exercicio dos colexios de avogados da Coruña, Madrid e Barcelona.

Licenciado en dereito pola Universidade de Oviedo, é funcionario por oposición do corpo de avogados do Estado, incorporouse a Inditex en 1989 como director do Departamento Xurídico, despois de estar destinado como avogado do Estado no servizo xurídico do Estado na Delegación de Facenda e Tribunais de Lugo e na Delegación do Goberno en Galicia, na Coruña. Ademais foi profesor asociado de dereito administrativo na Facultade de Dereito da Universidade da Coruña e membro do Consello Social desta universidade entre marzo de 1999 e febreiro de 2008.

Na actualidade é ademais membro do Padroado das fundacións *Amancio Ortega Gaona* e Universidade da Coruña, membro da Comisión Executiva da Cámara de Comercio da Coruña, conselleiro do *Banco Gallego* e vicepresidente da *Asociación de Marcas Renombradas Españolas*.

En virtude do establecido na Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, o presidente do Consello Social será designado polo presidente da Xunta de Galicia entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria por proposta do conselleiro competente en materia universitaria, logo de comunicación ao reitor da universidade. De acordo con esta norma, o seu mandato é de catro anos renovables por unha soa vez.



## **A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA O CONSELLO GALEGO DE PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO ÁMBITO DO EMPREGO E AS RELACIÓNS LABORAIS**

- ***Entre as súas funcións están a de propor medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, elaborar estudos no eido do emprego e as relacións laborais e difundir os valores da igualdade para erradicar a discriminación***
- ***O pleno deste órgano estará composto por representantes da Xunta de Galicia, da Confederación de Empresarios de Galicia, dos sindicatos máis representativos da comunidade e das asociacións de mulleres***
- ***O Consello fomentará a erradicación dos riscos derivados das condicións de traballo que poidan afectar negativamente ao embarazo, ao parto e á lactación natural***
- ***O decreto habilita unha liña de subvencións a empresas de ata o 50% do custo de adaptación dos postos de traballo para reducir os riscos para as traballadoras embarazadas, que teñan dado a luz ou que estean en período de lactación***
- ***As subvencións poderán acadar o 75% cando a empresa non supere un volume de facturación de 600.000 euros anuais ou cando concorran especiais motivos de fomento do emprego feminino***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde ao decreto polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres no ámbito do Emprego e das Relacións Laborais. Este órgano, de carácter administrativo, consultivo e de participación, servirá para axilizar e intensificar o diálogo entre as representantes dos colectivos femininos e a Xunta de Galicia.

Entre as súas principais funcións, precisamente, está a interlocución coa Xunta de Galicia a través dos departamentos competentes en materia de traballo e de igualdade. Desde esta posición, o Consello Galego de Participación das Mulleres no ámbito do Emprego e das Relacións Laborais propondrá a adopción de medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e elaborará estudos, informes ou consultas no seu eido de actuación.

Outro dos seus obxectivos primordiais será o de difundir os valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais. A posta en marcha deste órgano responde á necesidade de crear as estruturas precisas para aplicar o principio de transversalidade de xénero en todas as políticas públicas.

Poderá solicitar a adhesión ao Consello Galego de Participación das Mulleres calquera asociación con implantación no ámbito galego, legalmente constituída e representativa dos intereses das mulleres. Os seus estatutos deben recoller, tamén, que entre os seus principais cometidos se atope a consecución da igualdade de oportunidades entre homes





e mulleres e a erradicación de toda discriminación por razón de sexo no eido do emprego e as relacións laborais.

### **Órganos de funcionamento**

O Consello Galego de Participación das Mulleres no ámbito do Emprego e as Relacións Laborais terá unha presidencia, unha vicepresidencia e un pleno, ademais dunha comisión permanente e outras comisións. A presidencia do órgano corresponderalle á persoa titular do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de traballo, ou á persoa en que delegue. Unha das súas funcións específicas será a de representar institucionalmente o consello. Pola súa banda a Vicepresidencia recaerá na persoa que represente a titularidade do departamento da Administración autonómica con competencias en materia de igualdade.

O pleno, pola súa banda, estará composto pola Presidencia e a Vicepresidencia e por seis mulleres representantes dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de traballo e igualdade, seis mulleres dos sindicatos máis representativos da comunidade autónoma, seis representantes das Confederación de Empresarios de Galicia e dúas mulleres representantes de cada unha das asociacións adheridas ao consello. O nivel de representatividade será do 25% para cada unha das catro partes presentes no pleno.

### **Medidas para a integración da igualdade nas políticas preventivas**

Entre as medidas concretas que recolle o decreto polo que se regula o Consello Galego de Participación das Mulleres está a de fomentar a erradicación, na súa orixe, dos riscos derivados das condicións de traballo que poidan afectar negativamente o embarazo, o parto e a lactación natural.

Para isto, o departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo fomentará a formación, a información e a sensibilización das empresas e das traballadoras e traballadores. Con idéntica finalidade subvencionará o custo empresarial de adaptación dos postos de traballo con riscos para as traballadoras embarazadas, que teñan dado a luz ou que estean en período de lactación, cando esa adaptación os elimine totalmente ou os reduza de maneira significativa.

O importe das subvención poderá ser de ata o 50% do custo empresarial total e poderá chegar ao 75% cando a empresa non supere un volume de negocios en contía de 600.000 euros brutos anuais, ou cando concorran especiais motivos de fomento do emprego feminino.



## **A XUNTA INTERPORALLE AO GOBERNO CENTRAL UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA POLAS SUBVENCIÓNS Á PROMOCIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE TURISMO**

- ***Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de turismo que atribúe o Estatuto***

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou na súa reunión de hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia contra a Resolución do 20 de maio de 2008, da Secretaría de Estado de Turismo e Comercio dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, pola que se convocan subvencións para impulsar os procesos de planificación estratéxica, xestión e promoción de destinos turísticos. O Goberno galego entende que a resolución mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, ao residenciar completamente no Estado un proceso de subvencións en relación a unha materia, o turismo, que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, segundo se establece no artigo 27.21 do Estatuto galego.

A resolución da Secretaría de Turismo regula non só as condicións e o procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén lle atribúe ao Estado a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas, sen que exista ningún tipo de intervención autonómica prevista en todo o articulado. Neste senso, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera que o Estado non dispón dun poder subvencional desvinculado do poder competencial, de xeito que o poder de gasto non pode ser autónomo da competencia a que se refire.

Na orde cítase o artigo 149.1.13 da Constitución española, relativo á coordinación e planificación da economía, como precepto competencial a favor do Estado, unha posibilidade que acata a Xunta, tendo en conta que a orde se refire ao turismo e que o Tribunal Constitucional xa recollera en varias sentenzas a importancia deste sector para a economía española. Malia isto, o Goberno galego entende que esta circunstancia implica a introdución da correlativa competencia galega sobre o fomento e planificación da actividade económica de Galicia que establece o artigo 30.I.1 do Estatuto de Autonomía.

En supostos deste tipo, segundo a xurisprudencia do Constitucional, “o Estado pode consignar subvencións de fomento nos seus orzamentos xerais, especificando o seu destino e regulando as súas condicións esenciais de outorgamento (...) pero sempre que lles deixe unha marxe ás Comunidades Autónomas para concretar con maior detalle a afectación ou destino, ou, polo menos, para desenvolver e complementar a regulación das condicións de outorgamento das axudas e a súa tramitación. Ademais, a xestión destes fondos correspóndelles ás comunidades autónomas (...): trátase de partidas que deben territorializarse nos propios orzamentos xerais do Estado, se iso é posible, ou nun momento inmediatamente posterior, mediante normas que fixen criterios obxectivos de repartición ou mediante convenios de colaboración axustados aos principios constitucionais e á orde de distribución de competencias”. Para o Goberno da Xunta a



resolución non se axusta a estas regras, porque non existe territorialización, nin se deixan ás comunidades autónomas as facultades aí descritas, pois de feito nin se lles reserva a xestión destes fondos. Así, a invasión competencial afectaría xa toda a resolución no seu conxunto.

Tendo en conta estas consideracións, a Xunta de Galicia acordou realizar o requirimento de incompetencia ao Goberno central para que proceda a anular ou derrogar a resolución da Secretaría de Turismo. O executivo autonómico entende que debe recoñecerse que a competencia lle corresponde á Comunidade Autónoma, polo que debe procederse á distribución territorial entre as comunidades da correspondente consignación orzamentaria, transferindo as contías resultantes da dita distribución para que sexan as autonomías as que acometan a configuración e xestión descentralizada destas.

### **Precedentes**

O requirimento de incompetencia de hoxe ten precedentes noutras tres liñas de subvencións estatais que, a xuízo do executivo galego, mereceron o exercicio da conflitividade institucional. Trátase da Orde TAS/1051/2007, do 18 de abril, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións para a realización de programas de cooperación e voluntariado social con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, polo que se presentou un conflito de competencias ante o Tribunal Constitucional que foi admitido a trámite en setembro de 2007; da Orde TAS/421/08, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, polo que o Consello da Xunta decidiu acudir tamén ao TC; e da Resolución do 29 de abril de 2008, do Instituto da Muller dependente do Ministerio de Igualdade, pola que se convocan subvencións ao emprendemento feminino, contra a que o Goberno galego acordou interpoñer un requirimento de incompetencia hai unha semana.



## **O GOBERNO GALEGO DOTARÁ O CONCELLO DE RIBADAVIA DUN LOCAL DE ENSAIO PARA A MOCIDADE**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Ribadavia para o financiamento da obra***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Concello de Ribadavia para levar a cabo as obras de acondicionamento do edificio que acollerá un local de ensaio para os grupos musicais da zona. En virtude deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achega 77.566 euros para a reforma e o equipamento do local, de propiedade municipal, que está situado na Casa da Cultura de Ribadavia.

Unha vez rematadas as obras, a casa da cultura contará nas súas instalacións cun local de estudio de gravación e outro como sala de ensaio co acondicionamento acústico necesario. Ademais, cos fondos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dotarase o local de instrumentos e demais equipamentos de son e de gravación, indispensables para o ensaio dos grupos musicais.

### **Rede Galega de Locais de Ensaio**

A día de hoxe son xa 15 os locais de ensaio que están abertos en Galicia. Nestas infraestruturas a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar leva investido arredor dun millón e medio de euros. Ademais, ao longo do ano 2008, entrarán en funcionamento outros 15 locais, cun investimento previsto de 1,4 millóns de euros, aos cales hai que sumarles outros 100.000 euros máis que corresponden a unha nova liña de axudas para o mantemento dos centros e mellora das súas instalacións e dotacións técnicas.

Deste xeito, a finais de ano, haberá uns 30 locais de ensaio, cuxo investimento ascende a case tres millóns de euros. A Rede Galega de Locais de Ensaio ten un dobre obxectivo: deseñar recursos, programas e equipamentos atractivos ás demandas da xuventude galega e traballar a *canteira* dos creadores emerxentes.



## **A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL PERMITIRÁ A GALICIA E AO NORTE DE PORTUGAL DOTARSE DUN INSTRUMENTO PARA REFORZAR A SÚA CAPACIDADE DE INFLUENCIA EN EUROPA E ESTAR EN PRIMEIRA LIÑA NA CONSECUCIÓN DE RECURSOS FINANCEIROS DA UE**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal, a primeira destas características que se constitúen na península ibérica***
- ***Esta agrupación, cuxa sede estará en Vigo, vai permitir desenvolver proxectos beneficiosos para a Eurorrexión e xestionará 97 millóns de euros no marco do Plan estratéxico de cooperación 2007-2013 da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal***
- ***A Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal comprende unha área xeográfica en que viven 6,5 millóns de persoas, cun produto interior bruto de 90.000 millóns de euros, o que equivale á terceira comunidade peninsular por importancia demográfica e económica***

O Consello da Xunta autorizou o acordo polo que se aproban os textos definitivos do convenio de cooperación territorial entre o Goberno galego e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CDDR-N) de cara a constituír os estatutos da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal. O Consello da Xunta deu o visto e prace aos estatutos desta entidade, cuxa sede estará situada no edificio do antigo reitorado da Universidade de Vigo, na cidade olívica. A posta en marcha desta AECT, que se formalizará o vindeiro mes de setembro, permitirá a Galicia e ao Norte de Portugal dotarse dun instrumento específico para reforzar a súa capacidade de influencia en Europa e situarse en primeira liña para a consecución de recursos financeiros procedentes da UE.

A AECT contará cun orzamento inicial de 200.000 euros cofinanciados pola Xunta de Galicia e a CDDR-N, pero será o organismo que se encargue de xestionar o Plan estratéxico da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, dotado con 97 millóns de euros.

### **Órganos de goberno e asemblea da AECT**

Segundo os estatutos da AECT, este organismo constará dunha asemblea, constituída por representantes da Xunta de Galicia e da CDDR-N. Así, o presidente da Xunta designará catro representantes para esta asemblea, de entre os altos cargos e funcionarios do Goberno galego. Pola súa banda, o presidente da CDDR-N seleccionará outros catro representantes.

Ademais, a AECT contará cun director, que representará para todos os efectos o organismo e actuará en nome da agrupación e tamén contará coa figura dun secretario-subdirector, como órgano de asistencia e apoio ao director. Finalmente, o organismo terá un Consello Superior, que se encargará de dictar as directrices estratéxicas e exercerá labores de supervisión da agrupación.



A Asemblea da AECT, ao abeiro dos estatutos aprobados hoxe, reunírase cando menos unha vez por trimestre. As sesións ordinarias desta asemblea serán convocadas polo director da AECT cunha antelación mínima de 7 días

### **Desenvolver as potencialidades da Eurorrexión**

Coa constitución da AECT, que se formalizará no mes de setembro, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal nótrese dunha cobertura institucional que lle permitirá desenvolver proxectos beneficiosos para a súa área xeográfica. Esta é a primeira agrupación destas características na península ibérica e a terceira de Europa, logo da franco-belga Lille-Kortrijk-Tournai, con sede en Lille (Francia), e dunha que aglutina 27 municipios transfronteirizos de Hungría e Eslovaquia con sede na cidade húngara de Esztergom.

O territorio que conforma a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, área xeográfica na que se circunscribe a AECT, está formado por 6,5 millóns de habitantes e conta cun PIB de 90.000 millóns de euros, o que equivale á terceira comunidade peninsular por importancia demográfica e económica.

### **Posta en marcha da AECT**

O 31 de xullo do ano 2006, o *Diario Oficial da Unión Europea* publicou o Regulamento (CE) nº 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210, do 31.7.2006), sobre as agrupacións europeas de cooperación territorial (AECT) co obxectivo de instituír unha nova figura, dotada de personalidade e capacidade xurídica, cuxa finalidade era a de facilitar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional.

As autoridades comunitarias respondían deste xeito ás importantes dificultades que os Estados membros e, en concreto, as autoridades rexionais e locais, atoparan ata ese momento á hora de levar a cabo e xestionar as actividades de cooperación territorial, conforme a lexislación e os procedementos nacionais diferentes, así como ás insuficiencias de instrumentos como as agrupacións europeas de interese económico para xestionar os programas de cooperación.

Unha vez publicado o regulamento, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento da Rexión Norte de Portugal iniciaron a constitución dunha AECT entre Galicia e mais a Rexión Norte de Portugal, para a cal elaboraron un convenio e uns estatutos.

Estas actuacións leváronse a cabo ao abeiro do regulamento comunitario. Con posterioridade, Portugal e España aprobaron as normas de desenvolvemento do dito regulamento.



## **O PROXECTO RONSEL DE RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO INMATERIAL AFRONTA A SEGUNDA FASE COA META DE CONSERVAR A NOSA CULTURA ORAL**

- ***A nova fase desta iniciativa conta cun orzamento de 265.455 euros, achegados polas consellerías de Cultura e de Innovación e pola Agader***
- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas tres universidades galegas***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración polo que a Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Innovación e Industria, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e as tres universidades galegas poñen en marcha a segunda fase do proxecto Ronsel, que se centrará no inventario e salvagarda do noso patrimonio cultural inmaterial.

Con esta nova fase de Ronsel procúrase a preparación dun inventario cultural, a salvagarda e a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia. Os resultados deste estudo serán dados a coñecer ao público coa organización dun congreso e diversas xornadas en que serán divulgadas as conclusións dos seus informes.

Os traballos serán realizados por un grupo de investigadores procedentes das tres universidades baixo a dirección do doutor Iván Area Carracedo, da Universidade de Vigo. Con el, realizarán os labores de coordinación e execución do programa Xosé Manuel Cid, Anxo Fernández e Xavier Simón. Estas actuacións terán que estar rematadas o 30 de novembro deste ano.

Do orzamento total de 265.455 euros, a Consellería de Cultura e Deporte é a que máis inviste neste proxecto, con 156.150 euros, seguida da Consellería de Innovación e Industria, que achega 78.075 euros, e por último, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que pon 31.230 euros.

Nesta segunda fase quérese continuar coa experiencia da Mostra de Patrimonio Cultural Inmaterial Galego-Portuguesa, que tivo lugar en Pontevedra en novembro de 2007. Para iso organizaranse catro grandes eventos que acheguen este patrimonio á parte da sociedade que se atopa máis afastada actualmente destas manifestacións culturais. Prevese ademais a organización dun campamento de verán para rapaces de entre 6 e 16 anos, onde se transmitan os coñecementos adquiridos no proxecto desde unha visión pedagóxica.

O proxecto implica ademais a realización de contidos na internet, a edición de publicacións e a aproximación dos turistas que visitan Galicia ao noso patrimonio inmaterial.

### **Obxectivos do proxecto Ronsel**



Este proxecto naceu en 2007 co obxectivo de levar a cabo medidas conxuntas por parte dos asinantes para recuperar e divulgar o patrimonio cultural inmaterial de Galicia. As tres actividades fundamentais desenvolvidas nos seus primeiros seis meses de funcionamento foron o deseño do Plan estratéxico do patrimonio cultural inmaterial que alberga as accións que se desenvolverán durante cinco anos, a organización dunha gran mostra de patrimonio na vila de Pontevedra para darlle visibilidade a este traballo e a posta en marcha do portal web coma plataforma global de difusión.

En febreiro de 2008, a Radio Galega outorgoulle ao proxecto Ronsel o premio “Recuncho da Palleta”, por ser o traballo anual máis destacable a prol da cultura musical galega.





## **A XUNTA ACOMETERÁ UNHA REESTRUTURACIÓN E REPARACIÓN INTEGRAL DA PONTE DA ILLA DE AROUSA, EN QUE INVESTIRÁ 14 MILLÓNS DE EUROS**

- ***Realizarase unha redistribución da plataforma actual para adaptala ao uso de peóns e ciclistas***
- ***A actuación proxectada pola Consellería de Política Territorial ten como obxecto incrementar a seguridade sen minguar a capacidade nin a funcionalidade actual da ponte***
- ***Os traballos de reparación e mantemento forman parte do programa específico de supervisión de pontes e obras de paso nas estradas de titularidade autonómica***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a acometer obras de reestruturación e reparación integral da ponte da Illa de Arousa, por un importe total de 14 millóns de euros.

O plan de reestruturación da ponte consiste nun reacondicionamento da plataforma actual de xeito que, ademais dos dous carrís para vehículos agora existentes, se incorporen zonas para peóns e ciclistas.

O obxectivo desta actuación é dotar esta infraestrutura de comunicación entre A Illa de Arousa e a península dun tratamento axeitado aos parámetros de seguridade viaria sen minguar, en ningún caso, a súa capacidade actual nin a súa funcionalidade.

Ademais da reestruturación da plataforma, o proxecto da Consellería de Política Territorial abrangue tamén unha actuación específica para a conservación e reparación dos elementos construtivos da ponte.

Os traballos proxectados denomínanse en termos de enxeñaría unha “posta a cero”, en termos de durabilidade e capacidade para 50 anos. É dicir, a estrutura acadará un nivel de saneamento como se se acabase de construír agora, sen menoscabo de manter a inspección periódica específica a que se someten as pontes de forma regular para garantir o seu perfecto estado.

As actuacións previstas na ponte da Illa de Arousa –que teñen carácter preventivo– forman parte do programa específico de supervisión de todas as pontes e estruturas de paso que existen nas estradas de titularidade autonómica, posto en marcha por primeira vez este ano pola Consellería de Política Territorial. Este programa abrangue a catalogación, descrición e avaliación do estado de conservación de todas estas infraestruturas, así como as medidas a curto, medio e longo prazo que deben ser aplicadas en cada caso.

A raíz da análise realizada na ponte da Illa de Arousa, os técnicos da consellería deseñaron un proxecto específico para esta infraestrutura. Os traballos que se van



acometer son a corrección de fisuras no caixón da ponte e o saneamento da armaduras, da zona aérea dos piares, dos estribos e da obra de paso anexa á ponte no lado do continente. Tamén se pintarán todas as superficies exteriores do taboleiro, dos estribos e das pilas cunha pintura impermeable á auga exterior pero que permite drenar o vapor de auga interior, e substituiranse todos os aparellos de apoio que estean deteriorados.

A ponte da Illa de Arousa é unha estrutura de formigón de case dous quilómetros de longo que foi construída a mediados dos anos oitenta. Debido a que cruza a zona da ría de Arousa entre o termo municipal de Vilanova e o da Illa de Arousa, está sometida ás condicións climáticas derivadas das mareas e da acción da auga e do vento cunha porcentaxe importante de salitre que exixen unha vixilancia e un mantemento permanente que evite a súa corrosión.

Por este motivo, a Consellería de Política Territorial elaborou un proxecto de reparación da ponte para manter a súa operatividade e funcionalidade de futuro nas máximas condicións de seguridade como as que ten actualmente.



## **O GOBERNO GALEGO E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA COLABORAN NA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NAS ÁREAS DE URBANISMO E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- ***A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achega un importe total de 179.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Universidade da Coruña para a realización de actividades formativas e de divulgación nos ámbitos do urbanismo e a ordenación do territorio.

O obxecto deste acordo, que se asinará proximamente, é promover e colaborar en actividades relacionadas co territorio, co urbanismo e coa arquitectura que teñan un propósito formativo, de divulgación e de investigación ou que amplíen os coñecementos de ambas institucións, Xunta e Universidade, nestes asuntos. De xeito concreto, levaranse a cabo plans específicos de formación de técnicos, así como publicacións de libros, artigos e edición de conferencias en soporte dixital.

Aténdese así á finalidade de poñer á disposición da sociedade o intercambio de coñecemento en materia de urbanismo e arquitectura, que teña un propósito formativo, de divulgación e de investigación ou que sirva para incrementar os coñecementos dentro da especialidade temática sinalada. En definitiva, trátase de lograr que os cidadáns se beneficien das experiencias e conclusións dos traballos que son obxecto deste acordo.

A Consellería de Política Territorial investirá un total de 179.000 euros na promoción destas actividades formativas.



## **A XUNTA CONVOCARÁ NOVAS AXUDAS PARA O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR ESCOLAR XESTIONADOS POLAS ANPA**

- ***A consellería de Educación destina 1 millón de euros para esta acción, polo que con esta nova convocatoria o investimento achegado a estas axudas desde a súa posta en marcha en 2006 ascende a máis de 3,5 millóns de euros***
- ***Na comunidade galega funcionan 157 comedores xestionados polas ANPA, que atenden máis de 9.000 alumnos***
- ***As axudas económicas irán destinadas a sufragar o custo diario do menú, os gastos de xestión de comedor e a contratación de persoal que atenda o alumnado con necesidades específicas***

O Consello da Xunta autorizou compromisos de gasto plurianual con motivo do proxecto de orde polo que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos (ANPA) de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso escolar 2008-2009. O investimento desta acción ascende a 1 millón de euros, dos cales 427.008 se desembolsarán en 2008 e os restantes 572.992 en 2009.

Na actualidade están computados 157 comedores xestionados polas ANPA, que atenden uns 9.119 alumnos e alumnas. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo de financiar, apoiar e potenciar a prestación deste servizo, abriu por primeira vez esta liña de axudas en 2006. Desde ese ano, lévase investido nesta acción máis de 2,5 millóns de euros, polo que con esta nova convocatoria o investimento destinado a estas axudas desde a súa creación ascende a 3,5 millóns de euros.

As axudas económicas irán destinadas a sufragar o custo diario do menú por comensal e polos días da súa asistencia ao comedor, así como, de ser o caso, o desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais como complemento ao servizo de comedor, que irá incluído no prezo, durante o curso académico 2008-2009.

Así mesmo, as axudas poderán sufragar os gastos correntes en que incorran as asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnos/as como consecuencia da xestión de comedor, cun máximo do 2% do importe total da axuda concedida e sen que supere os 1.500 euros; así como os gastos orixinados pola contratación de persoal que desenvolva o labor de atención ao alumnado con necesidades específicas.

A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente, público ou privado, ben que o importe da subvención concedida en ningún caso poderá, en concorrencia con outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.



As axudas poderán sufragar ata un máximo do 50% do custo do servizo de comedor do centro escolar correspondente, para o cal se terá en conta o orzamento que o/a solicitante debe achegar no momento de presentar a súa solicitude.

### **Beneficiarios**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións, federacións e confederacións de nais e pais de alumnos/as que, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes, estean inscritas no censo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou ben teñan presentado a correspondente solicitude de inscrición e que xestionen, directa ou indirectamente, o servizo de comedor no centro escolar correspondente ou teñan solicitado a autorización de apertura e funcionamento do mesmo.

Así mesmo, poderán beneficiarse destas axudas aquelas asociacións, federacións e confederacións que, por non existir as instalacións axeitadas no centro escolar correspondente, xestionen o servizo de comedor escolar nun local hostaleiro próximo ao centro escolar. Para iso, deberán cumprir unha serie de requisitos, como a existencia dunhas axeitadas condicións de seguridade viaria no desprazamento dos alumnos ao establecemento hostaleiro; ou que o local en que se preste o servizo de comedor escolar sexa o mesmo durante a totalidade do curso académico 2008-2009.

As solicitudes poderán presentarse no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O outorgamento das axudas farase en réxime de concorrencia competitiva baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Á hora de valorar as solicitudes terase en conta a implicación dos concellos no financiamento do servizo; o carácter continuado e non ocasional deste; o número de comensais e a calidade e orixinalidade e o carácter innovador e continuado do programa de promoción da saúde e de hábitos alimentarios e o desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado de comedor.



## A XUNTA PROMOVE A FORMACIÓN PROFESIONAL EN RADIOTERAPIA E EN MADEIRA E MOBLE

- **O Consello autorizou a subscrición de dúas addendas aos convenios asinados entre a Administración educativa galega e as fundacións Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro e Exposicións e Congresos da Estrada**
- **A Consellería de Educación inviste un total 66.000 euros destinados a cubrir os gastos de funcionamento dos centros de ensino que imparten estas ensinanzas**
- **As respectivas fundacións achegarán o profesorado especializado e prestarán a súas dependencias para a realización das actividades formativas**

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición de dúas addendas aos convenios asinados entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as fundacións *Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro* e *Exposicións e Congresos da Estrada*, a través das cales se promove a oferta de ensino dos ciclos formativos de grao medio en radioterapia e en carpintaría e moble. A Administración educativa galega inviste un total de 66.000 euros que se destinarán a cubrir os gastos de funcionamento dos centros educativos onde se imparten estas ensinanzas.

Así, co asinamento da addenda entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro*, preténdese dar continuidade ao convenio ratificado en 2007 para a promoción das ensinanzas da familia de sanidade. Para o financiamento do ciclo formativo superior en radioterapia no vindeiro curso 2008-2009 a Administración educativa galega investirá 36.000 euros, que se achegarán en dúas anualidades: 15.000 euros no ano 2008 e 21.000 euros no 2009.

As ensinanzas impártense nas instalacións do Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) *Ánxel Casal-Monte Alto* da Coruña e nas dependencias da fundación, que achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos.

A Administración educativa autonómica traballa por reforzar os convenios que priman a integración de esforzos e a mutua colaboración con aqueles organismos dispostos a colaborar nas ensinanzas de formación profesional como é o caso da *Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro*, e así adecuar a formación ás necesidades do mundo laboral.

### **Madeira e moble**

O Consello da Xunta autorizou ademais a subscrición dunha addenda ao convenio asinado entre a Consellería de Educación e a *Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada* para a colaboración nas ensinanzas de formación profesional, especificamente no ciclo formativo de grao medio de fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble para o curso 2008-2009.



Para isto, a Administración educativa investirá 30.050 euros que se repartirán do seguinte xeito: 12.020 euros para o ano 2008 e 18.030 euros para o ano 2009, e se destinarán aos gastos dos centros en que se imparten os ciclos formativos, é dicir, o Instituto de Educación Secundaria (IES) Antón Losada Domínguez da Estrada e as instalacións da fundación.

A *Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada* é unha entidade declarada de interese galego que ten como finalidade a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais e culturais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento destes sectores en Galicia.



## O GOBERNO GALEGO INTEGRARASE NO CONSORCIO TURÍSTICO DA COSTA DA MORTE

- ***A Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, formará parte da comisión xestora encargada da tramitación da nova entidade e da elaboración dos seus estatutos***

A Consellería de Innovación e Industria formará parte do Consorcio Turístico da Costa da Morte, logo de que o Consello da Xunta autorizara dita integración na súa reunión desta mañá. Tanto a Deputación da Coruña, como a *Asociación de Profesionais do Sector Turístico da Costa da Morte* e os concellos de Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas xa teñen acreditada a súa vontade de integrarse nun consorcio de turismo.

Agora, a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, pasará tamén a formar parte da comisión xestora encargada da tramitación desta nova entidade de dereito público e da elaboración dos seus estatutos. O consorcio nace coa vontade de artellar a colaboración das entidades integrantes para o desenvolvemento e a consolidación do destino turístico A Costa da Morte.





## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DE DÚAS ESTRADAS EN CERCEDA NO MARCO DO PLAN DO CARBÓN**

- ***Acometeranse os proxectos da estrada de Ordes a Cerceda por Virís e a estrada do polígono industrial do Acevedo á estrada Cerceda-Mesón do Vento por Coveláns***

O Consello da Xunta autorizou hoxe dúas addendas ao convenio específico entre a Consellería de Innovación e Industria e o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras por un importe conxunto de máis de 1,6 millóns de euros para a execución de dúas estradas no concello de Cerceda.

As addendas refírense en concreto ao proxecto de mellora e alargamento da estrada de Ordes a Cerceda por Virís e ao proxecto da estrada do polígono industrial do Acevedo á estrada Cerceda-Mesón do Vento por Coveláns. Para a execución do primeiro, a addenda elevarase a 1.082.818 euros e para o segundo ascenderá a 551.677 euros.

Os dous convenios polos que se executan estas actuacións e aos que se suman agora estas addendas inclúense no Plan do Carbón 1998-2005.



## A XUNTA DESTINARÁ 27 MILLÓNS DE EUROS Á CONVOCATORIA DE RECURSOS HUMANOS DE I+D+i DE 2008

- ***A convocatoria, que se publicará no Diario Oficial de Galicia nas próximas semanas, permitirá a contratación de investigadores, tecnólogos e axentes de innovación***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá o acordo sobre os compromisos de gasto de carácter plurianual por unha cantidade de 27 millóns de euros para a orde de 2008 do Programa de recursos humanos do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (Incite), que anualmente convoca a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de I+D+i. Este Programa é a ferramenta do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 para a contratación de investigadores, tecnólogos e axentes de innovación no sistema público galego de I+D+i.

Dentro do Programa de recursos humanos existen contratos e prórrogas cunha duración superior a un ano, de aí a necesidade de que a Consellería de Innovación e Industria comprometa o gasto dos próximos anos, seguindo o disposto pola Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A convocatoria de 2008, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* nas próximas semanas, suporá un investimento total de 27.176.860 de euros para o período 2008-2011. A repartición deste orzamento por anos é a seguinte:

<b>Anualidade</b>	<b>Contía (euros)</b>
2008	3.414.056
2009	12.879.784
2010	8.648.020
2011	2.235.000



## O GOBERNO GALEGO AMPLÍA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE OVINO E CAPRINO DE GALICIA

- ***O programa posto en marcha entre a Consellería do Medio Rural e Ovica desenvolve aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas***
- ***A contía da addenda ao convenio é de 50.000 euros, que se sumarán aos 100.000 euros iniciais, segundo acordou o Consello da Xunta.***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a renovar a contía do convenio de colaboración coa *Asociación de Criadores de Ovino e Caprino* (Ovica) para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamentos silvopastorís en montes veciñais en man común e en superficies agrarias abandonadas, co obxectivo de incrementar o emprego na actividade agraria e mellorar a calidade das producións gandeiras. A contía total vese incrementada por esta addenda con 50.000 euros.

Esta addenda deixa patente as accións da Consellería do Medio Rural orientadas cara o aproveitamento do potencial produtivo do medio rural que fortalecen o sector agrario como estratéxico para o desenvolvemento de Galicia. A finalidade do convenio con Ovica é a de incrementar as extensións de cultivos e pastos para mellorar a calidade da produción gandeira.

Logo dos resultados conseguidos na primeira parte do programa constatouse que a súa aplicación axudou á identificación de máis zonas aptas para a implantación de explotacións gandeiras en réxime extensivo e a unha intensificación no intercambio de experiencias de implantación de explotacións gandeiras de ovino en montes veciñais en man común.

Durante o ano 2007, o financiamento do convenio contribuíu a desenvolver un programa experimental de actuacións destinadas a fomentar a implantación de sistemas extensivos de aproveitamentos silvopastorís, que serviron de pauta para futuros modelos que se ían establecer nas comarcas rurais do país.

Este programa permitiu que se consolidaran 26 proxectos en montes veciñais en man común que puxeron en valor superficie agraria para o desenvolvemento da actividade agrogandeira dun xeito sustentable. Na actualidade, coa programación prevista, estanse a desenvolver nove proxectos en execución, ademais de 28 que inician a fase de estudo e que poderían consolidarse este ano.



## **O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 475.000 EUROS EN REMODELAR O ESPAZO ENTRE A MURALLA DE LUGO E O CÍRCULO DE BELAS ARTES**

- ***Recuperarase a escaleira orixinal romana de acceso interior ao cubo XXXVIII da muralla e reconstruirase a fachada sur do edificio do Círculo***
- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Círculo de Belas Artes que permitirá desenvolver estas actuacións***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Círculo de Belas Artes de Lugo que permitirá devolverlle á muralla romana o seu aspecto orixinal á altura do cubo XXXVIII, xunto á porta do Bispo Aguirre. A Xunta investirá 475.693 euros nunha actuación que permitirá recuperar a escaleira romana de acceso interior ao adarve, eliminar a terraza do Círculo de Belas Artes pegada ao lenzo interior da muralla e reconstruír a fachada sur do Círculo para darlle o aspecto orixinal do edificio.

Segundo o convenio autorizado, eliminarase o engadido do edificio do Círculo formado pola terraza e as escaleiras de formigón, co cal este se separará da muralla. Isto permitirá recuperar a escaleira romana do cubo XXXVIII da muralla, descuberta no ano 1964.

A actuación que se vai emprender na muralla solventará as patoloxías presentes na escaleira. Reporanse os muros de cachotaría de lousa e sobre o recinto das escaleiras colocarase unha reixa que permita o tránsito e ao mesmo tempo observar o conxunto desde o adarve.

A mesma actuación permitirá reconstruír a galería que Luis Bellido proxectou no século XIX para a fachada sur do edificio do Círculo. Para iso demolerase a parte posterior do edificio, un engadido que substituíu a solución arquitectónica prevista no proxecto orixinal. Agora recuperarase esta solución, consistente nunha galería de madeira sobre columnas de fundición.



## **A XUNTA INVISTE MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS NO SANEAMENTO E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS OURENSÁNS DE VILAR DE SANTOS E PETÍN**

- *En Vilar de Santos realizarase a mellora da rede de augas, que inclúe a construción do bombeo e un depósito regulador, así como unha estación de tratamento de auga potable*
- *Na Portela (Petín) executaranse obras de renovación dos servizos de depuración das augas*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para realizar obras de mellora na rede de auga nos concellos ourensáns de Vilar de Santos e Petín. As actuacións contan cun orzamento total de 1.035.775 euros.

### **Obras en Vilar de Santos**

Medio Ambiente investirá 552.000 euros na execución das obras para a mellora das redes de abastecemento e a construción do bombeo e un depósito regulador para o abastecemento en Vilar de Santos.

As actuacións inclúen a mellora das infraestruturas de abastecemento de auga potable aos núcleos de Castelaus e Vilar de Santos. As obras tamén recollen a instalación do bombeo que estará constituído por dous pozos de captación de auga de 2 metros de diámetro e dous pozos de bombeo de 1.5 metros de diámetro, ambos prefabricados de formigón armado e cunha profundidade de 6 metros. Tamén se realizará a rede de impulsión de 2.023 metros de lonxitude, un depósito regulador de 400 metros cúbicos, a estación de tratamento de auga potable (ETAP) e a rede de distribución.

As obras serán financiadas na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O investimento divídese en dúas anualidades: 335.290 euros no ano 2008 e 216.709 euros no 2009. O prazo de execución das actuacións descritas é de cinco meses.

### **Actuacións en Petín**

As actuacións da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible inclúen a renovación da rede de abastecemento e saneamento da Portela (Petín) que actualmente se atopa en mal estado e obsoleta; e a dotación dun sistema de depuración das augas residuais.

A nova rede de abastecemento terá 1.495 metros e a rede de depuración 3.614 metros. Mentres que o sistema de depuración estará preparado para 300 habitantes.

As obras teñen un orzamento de 483.775 euros que serán financiados pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O investimento realizarase en dúas anualidades: 400.000 euros no ano 2008 e 83.775 euros no 2009. Igual que no caso anterior, o prazo de execución das obras é de cinco meses.





## **O GOBERNO GALEGO INVISTE 175.000 EUROS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO DA AVENIDA DE BOS AIRES NO SAVIÑO (LUGO)**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a realizar as obras necesarias para completar a segunda fase do saneamento da avenida de Bos Aires no Saviño (Lugo). O proxecto prevé as actuacións para a execución do saneamento e a recollida de augas pluviais das dúas marxes da avenida. As obras están incluídas no marco do convenio asinado co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a mellora de servizos hidráulicos nos núcleos rurais.

O saneamento da avenida de Bos Aires prevé a construción dunha rede cunha lonxitude de 280 metros que se realizará en canalización de PVC de diámetro variable. Así mesmo, está previsto que as baixantes pluviais dos edificios se conecten á nova rede de saneamento. O proxecto tamén prevé a substitución dos pavimentos afectados nunha superficie de 1.000 metros cadrados.

As actuacións teñen un orzamento de 175.000 euros que serán financiados pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.



## **A XUNTA INVISTE 276.080 EUROS NA REHABILITACIÓN DA PRAZA PÚBLICA DE BARRANTES, EN RIBADUMIA**

- ***Esta actuación, aprobada hoxe no Consello da Xunta, implica unha renovación dos espazos públicos que melloran o seu estado actual para dotalos dunha imaxe unificada e de calidade***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadumia para levar a cabo as obras de rehabilitación da praza pública de Barrantes, situada no centro neuráxico do núcleo urbano da vila. A Consellería de Vivenda e Solo investirá 276.080 euros.

O convenio implica por parte do departamento autonómico a achega do 80% do investimento total, que ascende a 345.100 euros. Este será distribuído en dúas anualidades, correspondéndolle 96.000 euros ao exercicio de 2008 e 180.080 euros con cargo aos orzamentos do exercicio de 2009. Pola súa parte, o Concello de Ribadumia asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e das autorizacións que sexan necesarias. O Goberno local tamén se compromete a realizar unha achega económica que supón o 20% do investimento total ao cal ascende o proxecto.

Esta intervención permitirá ampliar as dimensións da praza pública de Barrantes converténdoa nunha praza multiúsos, creando tres espazos ben diferenciados ao aproveitar o desnivel actual do terreo. Comezará cunha praza con pavimento duro a base de lousa de granito e rústica na zona inicial. Esta enlazará cunha zona intermedia destinada a anfiteatro, potenciando o lugar como punto de celebración de representacións ao aire libre. A zona superior destinarase a parque verde onde se situará un parque infantil. O acceso a esta zona realizarase mediante as bancadas fixas do anfiteatro, tendo así dobre utilidade.

Deste xeito, as obras consistirán fundamentalmente na demolición das lousas, pavimentos e demais elementos situados na zona das obras para ser cambiados por pavimento peonil de formigón e lousas de granito. Tamén se habilitará unha zona de xogo para nenos pequenos entre 1 e 4 anos, instalando o mobiliario adecuado para este uso, como columpios e bancos.

A Consellería de Vivenda e Solo ten en marcha unha importante liña de axudas en colaboración cos concellos para a reurbanización e renovación dos espazos públicos. O obxectivo é a creación de espazos de calidade en que os residentes destes barrios interrelacionen como colectividade.